

**XXII ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
A INTEGRACIÓN LINGÜÍSTICA COMO FERRAMENTA DE COHESIÓN SOCIAL**  
Consello da Cultura Galega  
13 a 19 de novembro de 2020

---

**CURRÍCULOS**

**BELÉN FERNÁNDEZ SUÁREZ**

É profesora axudante doutora no Departamento de Socioloxía e Comunicación da Universidade da Coruña. Coordina o Mestrado Oficial de Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria (MOPS) da UDC. É premio extraordinario de doutoramento na Universidade da Coruña pola súa tese sobre políticas de integración de inmigrantes. É membro do Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI) e do Centro de Estudos de Xénero e Feministas (CEXEF) na UDC.

As súas liñas de investigación céntranse nos procesos e as políticas de integración de inmigrantes, e na xestión política da inmigración. Na actualidade as súas recentes pescudas céntranse en estudar a emerxencia dunha nova axenda política de xestión migratoria por parte do común, o impacto das fronteiras internas nos procesos de integración, e o papel dos/as “*street level bureaucrats*” no proceso de integración da poboación estranxeira.

Dirixiu a investigación “*A participación comunitaria e social das mulleres na xestión de bens do procomún (auga). Estudo comparado entre Honduras e Galicia*”, financiado pola Cooperación Galega, Xunta de Galicia (España), e participa como investigadora nos seguintes proxectos: “*A nova emigración desde España: perfís, estratexias de mobilidade e activismo político transnacional*” (CSO2016-80158-R) –dirixida por Antía Pérez Caramés (UDC); “*Diversidade infantil, sociedade e emigración maternal en Nicaragua: articulando redes*” (PR 815A 2017/7) -dirixida por Verónica Robles García (UDC)-, no “*International Network for Comparative Analysis of Social Inequalities. Global Trends in Social Inequalities in Europe and Latin America and Exploring Innovative Ways to Reduce them Through Life, Occupational and Educational Trajectories Research to Face Uncertainty*” (INCASI- H2020-MSCA-RISE-2015, dirixido na Universidade da Coruña por Laura Oso Casas); e no proxecto H2020 “*WelcomingSpaces- Investing in ‘Welcoming Spaces’ in Europe: revitalizing shrinking areas by hosting non-EU migrants, Project ID:870952, Call: H2020-SC6-MIGRATION-2019*” (I.P. UDC: L. Oso Casas).

Entre as súas últimas publicacións destaca as seguintes: “*What is Integration? A comparative view from immigrants and municipal policy*” (2020, International Migration); “*La alteridad domesticada. La política de integración de inmigrantes en España: actores y territorios*” (2018; Barcelona: Bellaterra); “*La integración sociocultural en Galicia. Políticas y prácticas sobre inmigración*” (2018, Editorial Catarata); “Políticas de integración da poboación estranxeira en Galicia: migracións e política lingüística (2017, Editorial Galaxia, Cap. En “Muller inmigrante, lingua e sociedade”); e finalmente, participou no libro editado por Renée DePalma e Antía Pérez (2018): “*Galician Migrations: A case study of emerging super-diversity*” (Londres: Springer).

### **VICENT CLIMENT-FERRANDO**

É o responsable de coordinación académica da Cátedra UNESCO de Políticas Lingüísticas para o Multilingüismo na Universitat Pompeu Fabra. Traballa, ademais, para a Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya. Anteriormente traballou na Rede Europea de Políticas Lingüísticas ( NPLD) en Bruxelas.

É doutor pola Universidade Pompeu Fabra e a Universidade de Sciences- Po París cunha tese sobre a integración lingüística dos inmigrantes en territorios bilingües. Realizou a súa investigación de postdoutorado no Consorcio Europeo de Investigación MIME (Mobilidade e Inmigración nunha Europa Multilingüe), no que analizou as novos paradigmas sobre política lingüística ante os fluxos migratorios actuais en Europa.

Posúe un máster en Estudos Europeos e Internacionais no Colexio de Europa, Bruxas. Máster en Ciencias Políticas ( UPF) e Máster en Tradución Xurídica (UAB). Completou a súa educación universitaria na Universidade de Anglia Ruskin University de Cambridge, Universidade de Ottawa e Universidade Pompeu Fabra.

### **GREGORIO FERREIRO FENTE**

Profesor de ensino secundario, traballa actualmente como asesor técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Participou na redacción e coordinación de proxectos como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia. Foi profesor colaborador do Instituto de Ciencias da Educación (cursos de aptitude pedagóxica) da USC e do Centro Autonómico de Formación e Innovación do Profesorado.

Entre 2017 e 2019, foi vicepresidente da Network to Promote Linguistic Diversity, asociación de ámbito europeo con sede en Bruxelas que integran tanto organismos públicos e académicos, como organizacións non gobernamentais que teñen entre os seus fins a promoción das linguas minoritarias.

Paralelamente, é autor de libros, artigos e ensaios sobre temas literarios e a historia da literatura galega.

### **XAQUÍN NÚÑEZ SABARÍS**

Xaquín Núñez Sabarís é doutor en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e Professor Asociado com agregação (Professor Titular) do Departamento de Estudos Românicos, no Instituto de Letras e Ciências Humanas (ILCH) da Universidade do Minho. O seu ámbito de investigación céntrase na narrativa e teatro contemporáneos, con estudos sobre o modernismo hispánico e a obra de Ramón del Valle-Inclán, de quen publicou estudos monográficos e edicións da súa obra, e sobre as novas narrativas, especialmente sobre a minificción e as narrativas intermediais. Cun traballo neste dominio, gañou, recentemente, o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio, con *Cartografías da*

*narrativa galega contemporánea* (2020), no que estuda as novas e transmediais narrativas da ficción galega.

É membro do Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho, e forma parte do grupo de investigación, “Intermedialidad(es) e identidad(es)” e co-director da *Revista Zi: Estudos de Identidade e Intermedialidade* (<https://revistas.uminho.pt/index.php/2i>). Integra tamén proxectos e equipos de traballo en universidades internacionais, sobre a representación da identidade, a minificción e a obra de Valle-Inclán.

Dedicou a súa investigación tamén ao ensino da literatura, en contextos multilingües, e impartiu diversos seminarios de formación de profesores. Formou parte do equipo de traballo que deseñou as probas e os protocolos de actuación e avaliación dos Celga. É un dos autores dos manuais, de metodoloxía comunicativa, *Aula de Galego*.

## MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Na actualidade, e desde o ano 1988, é director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

Con anterioridade foi bolseiro do Instituto da Lingua Galega, bolseiro na Unidade de Tradución do Parlamento de Galicia e funcionario tradutor do Diario Oficial de Galicia na Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

Na actualidade é membro do Comité directivo de Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía), unha entidade internacional á que están adheridas máis de cen institucións e organismos de corenta países.

Durante os anos 2011 e 2012 estivo adscrito ao Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela en calidade de persoal científico.

Fundador da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística.

Fundador da Sociedade Galega de Terminoloxía.

Colaborador na versión galega do *Marco europeo común de referencia para as linguas*.

Coautor do volume “Niveis de competencia en lingua galega”, (2006) onde se recollen os deseños curriculares dos diversos niveis Celga.

Dende o ano 2006 ata a actualidade forma parte do Grupo de Traballo que puxo en marcha o sistema Celga, e colaborou na elaboración de probas para todos os exames Celga que se realizaron dende o ano 2007 ata a actualidade.

Foi integrante en varias ocasións da Comisión Central de Avaliación dos Celga (Certificados de Lingua Galega).



Foi Coordinador do Comité Técnico de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega.

Tamén foi coautor das seguintes obras:

- *Vocabulario do Medio Físico*, Xunta de Galicia, 1988
- *O galego e a información*, Editorial Lea, 1996
- *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago, 1998
- *Niveis de competencia en lingua galega*, Centro Ramón Piñeiro, 2006
- *Vocabulaire panlatin de la grippe aviaire*, Office québécois de la langue française, 2009
- *Vocabulaire panlatin de la diffusion et de la distribution du livre*, Office québécois de la langue française, 2010
- *Lingua e Futuro*, Editorial Laivento, 2010
- *Avaliación da competencia en galego e castelán do alumnado de 4º da ESO*. Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela, 2010
- *Glosario multilingüe sobre responsabilidad social*, Universidad Pontificia de Comillas, 2010
- *Vocabulaire panlatin des articles de bureau*, Office québécois de la langue française, 2010

Autor individual das seguintes obras de ensaio-divulgación de tema lingüístico:

- *En galego, por que non?*, Editorial Galaxia, 2009
- *Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta*. Editorial Galaxia, 2017

## **MARÍA LÓPEZ EXPÓSITO**

Licenciada en Filoloxía Hispánica, subsección galego – portugués. Universidade de Santiago de Compostela.

Coordinadora autonómica de diversas campañas de normalización lingüística na SXPL (2001-2004).

Profesora de Cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega (2001-2007)

Profesora de Cursos CELGA (2008-actualidade)

Profesora de Cursos de linguaxe xurídica e administrativa galega (2001-actualidade)

Avaliadora no Tribunal de probas de aptitude en Lingua Galega. CELGA (2007-actualidade)

Profesora de LGL no ensino medio.(2016-actualidade)

## **ROSA MOREIRAS CUÑARRO**

Licenciada en Filoloxía Hispánica, Sección Galego Portugués pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Máster Universitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega (2009).

Colaborou como bolsreira na sección de informativos da CRTVG e como tradutora e lingüista nas editoriais Hércules Edicións e Everest Galicia. Impartiu, como profesora colaboradora da SXPL, cursos lingua galega para persoas adultas a diferentes colectivos (iniciación e perfeccionamento) e traballou como asesora lingüística na serie de televisión Rías Baixas da produtora Zenit Multimedia.

Desde abril de 2004 traballa como técnica de Normalización Lingüística do Concello de Ames.

Formou parte da directiva da Coordinadora de Traballadores/as da Lingua (CTNL) desde 2006 a 2018, onde asumiu o cargo de secretaria desde 2010 a 2018.

## **OLGA LÓPEZ LÓPEZ**

Asesora da SXPL dependente da Consellería de Educación, Cultura e Universidade (dende setembro de 2017). Anteriormente profesora de Lingua galega de Secundaria, con destino definitivo no IES de Valga. Licenciada en Filoloxía Románica ( francés) e en Hispánicas (Galego-portugués).

Estudou tres cursos na Université de Haute Bretagne Rennes II. Foi a primeira xeración de estudantes Erasmus en Galicia.

Foi profesora asociada T3,P6 na Facultade de Tradución e Interpretación na especialidade francés-galego durante dous cursos académicos.

Apaixonada polas linguas: con titulación de EOI de francés, portugués e italiano e inglés (niveis B2 e C1) e C2 de portugués do Instituto Camões.

Con vocación de docente: Participou en numerosos intercambios escolares con Eslovenia, Paris, Nantes, Braga... impulsou a aprendizaxe de portugués como segunda lingua no IES de Valga chegando a ter unha matrícula de máis de 120 alumnos/as. Participou en programas Etwinning, Erasmus + e sempre apoiou actividades e programas interdisciplinares formando parte de numerosos grupos de traballo nos diferentes centros nos que estivo traballando en Galicia.

Participou no grupo de traballo para a elaboración do currículo da materia de libre configuración autonómica “Lingua Galega e Literatura”, regulada no Decreto 85/2015, do 25 de xuño (DOG 29 de xuño), polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.



É a encargada da supervisión académica dos lectorados de lingua , literatura e cultura galega espallados por 33 universidades do mundo.

Con respecto ás de certificación en lingua galega (CELGA), encárgase de asistir a formación sobre temas de avaliación en Europa como a proporcionada por ALTE (Association of Tester of Language in Europe) para que se cumpran os estándares do MERCLE.

Forma parte do grupo de preparación de materiais en lingua galega para os cursos en liña de Celga, así como de elaboración de probas Celga.

É impulsora da adaptación das probas Celga a lectura fácil para persoas con discapacidade intelectual desde o ano 2017. Tamén se encarga de elaborar pautas de dislexia, TDAH... da SXPL

É membro do comité organizador de GIELE (Grupo de Interese de Avaliación en España) cuxo cometido é organizar encontros anuais para que profesionais da avaliación en España compartan experiencias e divulguen o seu traballo.

## **DAVID COBAS MEDÍN**

Santiago de Compostela (1979)

Técnico de normalización lingüística no Concello de Rianxo, entidade que preside a acabada de fundar Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela. Formouse no ámbito da normalización traballando como bolseiro no Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago, no Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela e no Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega.

Foi técnico de normalización lingüística nos concellos da Laracha e Vigo e nos servizos de normalización lingüística das universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

Formador e avaliador en lingua galega para a Xunta de Galicia (Celga e linguaxes específicas), impartiu cursos para a comunidade universitaria da USC e da UDC (redacción científica, calidade lingüística, etc.), para a Deputación da Coruña e tamén para empresas privadas, fundacións e asociacións. Creador de materiais didácticos en lingua galega.

Membro da directiva da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) desde o ano 2011.

## **ANGELS GUERRERO NÁJAR**

Actualmente é a xefa do Servizo de Recursos Lingüísticos da Dirección Xeral de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya ( DGPL). Esta unidade ten como funcións, entre outras, a xestión da diversidade lingüística; a elaboración de recursos ou o fomento de iniciativas para facilitar a aprendizaxe da lingua catalá entre a poboación adulta – especialmente no que se refire á acollida e a capacitación lingüísticas das persoas inmigradas–; o establecemento do marco metodolóxico de referencia, plans e programas para a aprendizaxe de catalán das persoas adultas, ou o impulso de instrumentos para facilitar a comunicación de calidade en catalán.

Foi tamén responsable da área de Fomento do Uso Interpersoal da DGPL, unidade na cal desenvolveu tarefas e proxectos encamiñados a estimular e reforzar actitudes favorables ao uso da lingua catalá.

Estivo vinculada á Escola de Administración Pública de Catalunya como docente e xefa do Servizo de Formación Descentralizada e non Presencial, con funcións como a planificación e xestión de proxectos formativos dirixidos ás administracións de Catalunya, principalmente no que se refire a formación non presencial e aplicación de formatos innovadores.

Foi tamén profesora de adultos do Consorcio para a Normalización Lingüística, do cal agora é membro de diversos consellos de centros de normalización lingüística do territorio.

## **BIOTZA PIKO GABANTXO**

Actualmente Asesora de Educación Primaria no Berritzegune de Vitoria-Gasteiz, á vez que coordinadora do Programa piloto Eusle, impulsado polo Departamento de Educación do Goberno Vasco para dar resposta ao alumnado recentemente incorporado dentro do marco da Escola Inclusiva.

Colaboradora no Berritzegune Nagusia, no Servizo de Linguas, na formación das asesoras e asesores dos Berritzegunes zonais da Comunidade do País Vasco e do profesorado de Reforzo Lingüístico dentro do programa de ensino e aprendizaxe do euskara no alumnado de recente incorporación.

Anteriormente, Técnica de Normalización Lingüística e Eúscaro no Centro de Apoio ao profesorado de Alava, denominado COP- PAT.

Formadora externa, no Centro de Recursos para o Ensino do Eúscaro de Navarra ( Eibz) e nos Servizos de Apoio de Navarra na implantación do modelo en euskara: CURRICULUM E METODOLOXÍA.



Publicacións:

- Piko Biotza (2020) “Eskola inklusiboa: atzerritar jatorriko ikasleak: EUSLE EKIMENA eskolako komunikazio- hizkuntzaren eskuratze- prozesua bizkortzeko eta hobetzeko proiektua”. HERMES núm. 65, páx.44-51

- Editorial Anaya- Haritza:

- Implantación modelo inmersión: Inguruaren ezaguera, Matematika e Euskara para Educación Primaria 1º e 2º.
- Colección Ireki Atea , Euskara, Educación Primaria, de 1º a 6º.
- Colección Kolorexko Xingola, Euskara, Educación Primaria, de 1º a 6º.
- Colección Hazi eta Hezi, Euskara, Educación Primaria, de 1º a 6º.
- Colección Argi Dago, Irakurgaiak (Lecturas), Educación Primaria, de 1º a 6º.

### **VALENTINA FORMOSO GOSENDE**

Profesora das materias de Lingua Galega e de Portugués e coordinadora desde 2002 do Equipo de normalización e dinamización lingüística dos centros nos que traballou. Desde 2009 a 2016 foi a coordinadora xeral da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL).

Comezou a súa carreira laboral no Departamento de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), experiencia que lle serviu para, ademais de elaborar varios materiais lingüísticos para o ámbito económico e empresarial, decidir o tema da que sería a súa tese de doutoramento: *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas* (2005).

A experiencia do ámbito do ensino secundario e dos Equipos de normalización avalou outra investigación que se concretou no libro *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico* (2013).

Ten algunhas outras investigacións no ámbito da sociolingüística, así como varias publicacións arredor deste tema e doutros, sempre relacionados coa lingua galega.

### **BERNARDO PENABADE**

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, complementou estudos na especialidade de Filoloxía Hispánica. Nese tempo, a mediados os 80, con Luís Poupariña, desenvolveu unha intensa actividade na comisión de cultura da Residencia Universitaria ‘Burgo das Nacións’, onde impulsou a convocatoria dun célebre Certame Literario que serviu para descubrir novos valores. Desde 1985, mantivo





colaboración artística no sector audiovisual coa empresa Imaxe Galega en traballos encargados pola TVG. Ademais da sincronización e dobraxe de filmes e seriais televisivos, ocupouse da tradución de guións (especialmente de programas destinados ao público infantil).

Entre 1997 e 1998, foi colaborador habitual de *Volvoreta*, o suplemento do xornal *El Correo Gallego* para a comunidade universitaria de Compostela, onde publicaba noticias de libros e entrevistas a escritores galegos.

Tras un breve período de docencia no Colexio Paulo VI da Rúa de Valdeorras, foi profesor no Instituto Otero Pedraio de Ourense, en Bueu, Ortigueira e en Viveiro (IES 2003). Desde 2003 está destinado no IES Perdouro de Burela.

Participou en numerosos congresos con relatorios publicados sobre sociolingüística e didáctica. Traballos seus poden lerse na revista *Agália*, en *A Nosa Terra* e *Novas da Galiza*, como tamén nas actas de diversas reunións de carácter científico. Desde 1983 é membro da AGAL, entidade en que colaborou con diversas personalidades relevantes da cultura galega, entre elas Ricardo Carvalho Calero.

Integrante do consello directivo en diversas ocasións, resultou elixido secretario en 1996 e foi presidente no período 2001-2007, encabezou un movemento de integracionismo nun sentido integrador.

No campo da didáctica é o impulsor do "Modelo Burela de Planificación Lingüística", unha estratexia educativa en aplicación desde 2004.

## **DOLORES CASTIÑEIRA ALÉN**

Salceda de Caselas, 1976.

Técnica administrativa en industria e comercio.

Alcaldesa de Salceda de Caselas dende o ano 2019.

Concelleira de Formación, Emprego, turismo e sanidade entre 2011 e 2019.

## **LEONARDO PENA COUCEIRO**

Ferrol (A Coruña), 30/04/1971

Formación académica:

Título de Experto en mediación social intercultural

Licenciado en teoloxía pola Universidade Pontificia de Salamanca

Experiencia laboral:



2007- ... : Mediador social intercultural. Servizo de atención ao Migrante do Concello de Ames

2004 / 2006: Coordinador de proxectos de cooperación ao desenvolvemento en Guatemala. Asesor técnico da Oficina Municipal de Planificación da Municipalidad de Alzatate (Jalapa, Guatemala)

2001 / 2002: párroco de S. Antonio La Paz (El Progreso, Guatemala)

1995 / 2000: párroco e mestre en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

### **CONCHA DIÉGUEZ DIÉGUEZ**

É licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela.

Desde hai 15 anos traballa en Reverso, onde planifica e executa as accións formativas para entidades públicas e privadas.

É experta na formación para desenvolver e mellorar as habilidades comunicativas orais e escritas. Nelas, implementa o *learning by doing* (aprender facendo) para favorecer a aprendizaxe continua ao longo do curso.

Desde hai máis de 15 anos imparte estes contidos nas tres universidades galegas nos plans de formación continua do PAS e do PDI (linguaxe administrativa, elaboración do discurso oral, reciclaxe en lingua galega) e na formación de contidos transversais para alumnado (redacción de traballos de investigación, oratoria para a presentación de traballos académicos e de investigación). Tamén participa nos plans de formación continua da Fegamp, da EGAP, das deputacións e das entidades locais, entre outras.

No ano 2005 desenvolveu e impartiu a primeira edición dos cursos de lingua e cultura galega para migrantes, no Concello de Santiago de Compostela. Desde aquela executa esta formación en entidades coma o Concello da Coruña, Vigo, As Pontes, Carballo, Moaña e na Universidade de Santiago de Compostela, entre outras.

É docente do módulo de comunicación en varios programas de emprendemento empresarial desde o ano 2014 en entidades como Vives Emprende de Acción Contra el Hambre, VGA Vilagarcía Emprende, Proxecto Vereas ou o Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura.

## ISABEL VAQUERO QUINTELA

Licenciada en Filoloxía Hispánica (subsección de Galego-Portugués) pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1991.

Técnica de Normalización Lingüística da USC dende 1993. Dende 2000, responsable da súa Área de Dinamización.

Intereses:

- a) Lingüística: pronomes e cláusulas de relativo
- b) Novas tecnoloxías e a comunicación

Coordinadora lingüista e terminolóxica en galego21, adaptación de software ao galego.

(2001) Romero, D. e Vaquero Quintela, I.: *Da periferia á Rede. Internet en Galicia: lingua e contidos*. Vigo, Editorial Xerais

(2001) *Léxico panlatino de Internet: (catalán-español-francés-galego-italiano-portugués-romanés)*, Ottawa: Unión Latina-Realiter-Bureau de la traduction du Canada.

- c) Política, planificación e dinamización lingüística

Membro fundadora da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística (CTNL). Secretaria e vogal da súa Xunta Directiva en varias ocasións.

*Curso de deseño e implementación de plans e accións de dinamización lingüística para a CTNL.*

Publicacións:

(1997) "Os servicios de normalización lingüística: propostas básicas de funcionamento", en colaboración con Socorro García Conde, en *Cadernos da Lingua*, nº 14.

(1999) "A utilización da Internet nun SNL/SL como ferramenta de información, formación e dinamización" nas *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela

(2010) "A lingua galega: problema ou oportunidade nos programas de mobilidade do alumnado?" en Rodríguez Rodríguez, J. *O programa Erasmus na construción da cidadanía europea. Unha mirada dende Compostela*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.

(2012) *Traballarmos en dinamización lingüística. Unha introdución*, Santiago de Compostela: Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística.

d) Política

Concelleira de Comunicación e Normalización Lgca. no Concello de Ames (2015-2019)

### **ANXOS SOBRINO PÉREZ**

O Rosal, 1971.

É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Realizou unha memoria de licenciatura sobre a entoación do galego do Baixo Miño, baixo a dirección do profesor Xosé Luís Regueira, e foi bolsreira no Instituto da Lingua Galega, onde traballou no proxecto Tesouro Informatizado da Lingua Galega, dirixido polo profesor Antón Santamarina.

No ámbito da normalización lingüística, traballou como técnica de normalización lingüística no Concello do Rosal. Posteriormente, durante tres anos, ocupou un posto de tradutora intérprete na Dirección Xeral de Xustiza da Xunta e, desde o ano 2005, é técnica superior lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra.

Desde 2016 é presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

### **MARTA SOUTO GONZÁLEZ**

É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa (USC, 1987).

Profesora de lingua e literatura galegas entre 1987 e 1991. En 1992 comezo a traballar como técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, como responsable deste SNL.

Profesora da Academia Galega de Administración Pública, nos anos 1994-2000.

Publicacións:

*Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega*, 2003

*Manual de formularios para policía locais*, 2001

*Manual de documentos para asociacións veciñais*, 2001

*Léxico de urbanismo, construción e arquitectura*, 2000 (co-autora)

*Manual de linguaxe non sexista no deporte*, 2008 (supervisora)

Relatorios:

Sobre Toponimia, en distintos congresos, xornadas, cursos... entre eles:

- "Toponimia: Ferramenta para normalizar a lingua" nas xornadas *Como se chama ese*



*lugar?* sobre toponimia viguesa, organizadas polo Concello de Vigo e a Universidade de Vigo. (Vigo, 2010).

- “O territorio nomeado”. XXI Congreso Internacional ICOS de Onomástica e Toponimia, (Barcelona, 2011).

- “Meu, coñecéndonos, descubríndonos”. I Curso de Formación en Especialistas en Toponimia, organizado polos concellos de Ourense, Pontevedra, Vigo, a Uvigo e o Instituto de Estudos Miñoranos. (Vigo, Pontevedra e Gondomar, marzo de 2013).

- “Toponimia do val de Fragoso”. II xornadas de Toponimia viguesa. (Vigo, 2013).

- “Toponimia e normalización”. Curso de verán “Toponimia. Actuación e Interpretación”, organizado pola USC (Santiago, 2013).

Sobre dinamización/normalización lingüística con relatorios sobre o labor dende o SNL, entre eles:

- Dende o ano 2001 e até o 2006 no Paternariado de linguas minoritarias da UE coa presentación de distintas actividades do SNL, así como noutros foros europeos sobre linguas minoritarias.

- En diferentes Encontros de Normalización Lingüística do Consello da Cultura, Cursos da USC, en xornadas organizadas pola USC, Comisión de Toponimia, servizos de Normalización Lingüística, ILG...

- “Duplo R. regueifa e rap”. El catalán mola?, xornadas organizadas pola Deputación de Tarragona, no 2010.

- “Bibliotecas viventes”. Proxecto “E-Books 21”: en Atenas no 2011.

- A improvisación oral tradicional e modernidade. Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo”, no congreso “L'improvisation orale. Tradition et actualité. Galice, Pays Basque et Pays Catalans”.Nouvelle Sorbonne. París, 2014.

- A improvisación oral: ferramenta para a normalización lingüística, no Congreso mundial sobre canto improvisado, organizado por Mintzola Fundazioa e pola Universidade do País Vasco, Donosti 2016.

- Xornada sobre a "Poesía Improvisada como recurso educativo", organizada polo SNL do Concello de Moaña en febreiro de 2019, co relatorio “A regueifa: ferramenta didáctica”.

## **SOLEDAD FELLOZA GONZÁLEZ**

Actriz, contacontos, fotógrafa, escritora, dramaturga, columnista...xeitos diferentes de facer unha mesma cousa. Contar historias.

Naceu na beira do río Uruguai, pero hoxe en día a súa terra é Galicia.

Namorada da súa xente, da comida, da fala, percorre o país recollendo historias e fotografando patrimonio, receitas, persoas...

Premio europeo de Narración Oral 2015, Premio do Ministerio de Educación e Cultura polo seu espectáculo as Inxeniosas do Fidalgo, 2019.

Directora do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica, con sede en Galicia.



Publicacións:

*A Cociñeira do rei* (OQO, 2015) Premio Europeo de Narración Oral ao Mellor conto para nenas e nenos. Traducido ao portugués, polaco, e linguas oficias de España.

*La Vuelta al mundo* (La Fragatina, 2017) Castelán e tradución ao italiano.

Columnista invitada en diferentes publicacións literarias e de teatro: Tantágora, Aedo, Clij, Primer Acto.

Columnista de Nós Diario

Circuitos teatrais:

Participa desde o ano 2002 no Circuito de Artes Escénicas de Aragón, Navarra, Castela A Mancha e Málaga, e Festivais de Narración Oral de América Latina, Europa e Africa.

Ten actuado en Cuba, Arxentina, Venezuela, Perú, Brasil, Chile, Polonia, Francia, Portugal, Argelia, Cabo Verde entre outros

Fotografía de patrimonio cultural e gastronómico:

*O sabor de Bueu-* (Concello de Bueu 2013)

*A cociña de Larpeiros III* (Galaxia, 2014)

*A Cociña dos Cunqueiro* (Galaxia, 2015)

*Gastronomía monacal de Galicia* (Xacobeo, 2016)  
*Calendarios anuais do Románico* (2010-2020). Asociación O Sorriso de Daniel

Fotógrafa da Revista Benbó

Fotografía de exposicións:

*Ao Pé do Lar* (2010 no Museo do Pobo Galego).  
*Arriba San Paio de Abeleda* (O Sorriso de Daniel, 2015)

En preparación "Micromundo" Unha ollada ao bosque galego